



# BANDO

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> ELENA CANDIA LÓPEZ, ALCALDESA – PRESIDENTA DO CONCELLO DE MONDOÑEDO

## **FAI SABER:**

Que saíron publicadas no DOG N<sup>o</sup> 143 do 30 de xullo as bases reguladoras das subvencións dos programas de fomento e mellora da eficacia enerxética e sustentabilidade e de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas do Plan estatal de vivenda 2018 – 2021, e se convocan para este ano as axudas.

O prazo para solicitar as axudas e ata o 30 de agosto de 2019

**BENEFICIARIOS:** Persoas físicas, persoas xurídicas de natureza privada, comunidades de persoas propietarias ou agrupacións de comunidades, agrupación de persoas propietarias, sociedades cooperativas compostas por agrupacións de persoas propietarias de vivendas ou edificios, empresas construtoras inquilinas ou concesionarias de edificios, persoas físicas inquilinas.

**TIPOS DE AXUDAS E CUANTIAS:**

**LIÑA A: Programa de fomento e mellora da eficacia enerxética e da sustentabilidade en vivendas.**

**Axuda:** A contía unitaria básica da axuda por vivenda unifamiliar será de ata 12.000€.

Si na unidade de convivencia hai unha persoa con discapacidade a axuda podería acadar un máximo e ata 18.000€ ou 24.000€ dependendo do tipo de discapacidade.

Para edificios de tipoloxía residencial colectiva o limite máximo e 8.000€ por cada vivenda e 80€ por cada m<sup>2</sup> de superficie de local comercial ou usos compatibles.

Si na unidade de convivencia hai unha persoa con discapacidade a axuda podería acadar un máximo de 12.000€ ou 16.000€ dependendo do tipo de discapacidade.

**LIÑA B: Fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivenda:**

**Axuda:** A contía máxima de subvención para conservación e de ata 3.000€ por vivenda e 30€ por cada m<sup>2</sup> de superficie de local comercial ou usos compatibles para actuacións de conservación.

Para mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade sería un máximo de 8.000€





## CONCELLO DE MONDOÑEDO

Poderíase acadar ata 14.000€ cando se realicen estas dúas actuacións conxuntas e se teña unha persoa con discapacidade na unidade de convivencia, e ata 17.000€ si dependendo do tipo de discapacidade.

O ámbito destas axudas e para todas aquelas parroquias que non estean dentro da Area dos Camiños de Santiago nin dentro da Area de Rehabilitación do Casco Histórico e Barrios de Os Muíños e San Lázaro. Oirán, Couboeira, Figueiras, Masma, Viloalle, Sta. Maria Maior,

As parroquias que están incluídas no Camiño Norte de Santiago ao seu paso por Mondoñedo son as parroquias de: LINDIN, OS REMEDIOS, SANTIAGO, SASDONIGAS, SAN VICENTE, VILAMOR, e O CARMEN.

A zona comprendida dentro das subvención do ARI de Rehabilitación comprende todo o Conxunto Histórico, a zona do casco Urbano ,os Barrios de San Lázaro e de Os Muíños

A porcentaxe máxima do orzamento protexido para todas estas axudas e de ata un 40 % , e si a persoa solicitante ten ingresos inferiores o 3.5 veces do Imprem podería incrementarse ata un máximo de 75% .

Para a tramitación e asesoramento destas axudas poden dirixirse a Oficina Municipal de Rehabilitación ou nos teléfonos 982521402-982524003.

O que se fai saber para xeral coñecemento.

Mondoñedo, na data da sintatura dixitalmente a súa marxe pola Alcaldesa do Concello de Mondoñedo Dona Elena Candia López

